

**Á ÁREA DE INDUSTRIA E ENERXÍA DA DELEGACIÓN DO GOBERNO EN
GALICIA**

Asunto: Procedemento IP (AAP-DIA)- “PEol-931 ARNO”.

D/Dña. _____, DNI
_____, actuando no seu propio nome e representación, con domicilio
a efectos de notificacións en
_____ polo
presente comparece ante esa administración e, como mellor proceda en Dereito,

DI

I. Que no Boletín Oficial da Provincia nº 169, de data 24 de xullo de 2025, publicouse anuncio desa Área de industria e enerxía da Delegación do Goberno en Galicia *por el que se somete, al trámite de Información Pública (IP), la solicitud de autorización administrativa previa (AAP) y el estudio de impacto ambiental (EslA), de la instalación «Parque eólico ARNO», de 86,8 MW de potencia instalada, y su infraestructura de evacuación asociada, en los términos municipales de Riotorto, A Pastoriza, A Pontenova, Meira, Pol y Castro de Rei, en la provincia de Lugo. Referencia del expediente: PEol-931.*

II. Que, en tempo e forma, polo presente e en en contexto do trámite aludido, procédese a evacuar as seguintes

ALEGACIÓNS

PRIMEIRA.- Ao proxecto obxecto do presente trámite de información pública, resúltalle aplicable un corpo normativo que excede o propio ámbito do Dereito interno, autonómico ou estatal. Sen ánimo de exhaustividade, resultan de aplicación, entre outras, as seguintes normas:

-Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

-Convenio Europeo da Paisaxe, establecido en Florencia o 20 de outubro de 2000.

-Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

-Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

-Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).

-Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. Modificada por Lei 7/2018, do 20 de xullo, Lei 33/2015, do 21 de setembro e Real Decreto 1015/2013, do 20 de decembro, entre outras disposición.

-Real Decreto 1432/2008, do 29 de agosto, polo que se establecen medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.

-Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres.

-Real Decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas. Modificado por Orde TEC/596/2019, do 8 de abril, Orde AAA/1351/2016, do 29 de xullo, Orde AAA/1771/2015, do 31 de agosto e Orde AAA/75/2012, do 12 de xaneiro.

-Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

-Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

-Directiva 2014/52/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente.

-Lei 21/2015, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes.

-Lei 9/2018, do 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

-Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico.

-Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

-Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e créanse o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

A mera enumeración anterior pon de manifesto o feito dificilmente controvertible de que a configuración do presente trámite de información pública, aberto durante 30 días hábiles, dista de poder garantir adecuadamente a posición xurídica dos interesados e afectados. Basta examinar o volume de documentación acumulada ata o de agora e que é obxecto do trámite para decatarse de que resulta materialmente imposible para un particular concorrer ao mesmo coas mínimas garantías.

SEGUNDA.- Partindo da realidade que se acaba de expoñer, non menos evidente é que o proxecto obxecto das presentes alegacións, tal e como se atopa exposto, segue configurándose como un proxecto industrial de grandes dimensións, orientado unicamente ao reforzo do sistema oligopolístico de xeración enerxética. Tal proxecto non se basea nunha planificación orientada ao aumento da eficiencia enerxética e ao aforro no seu consumo, nin tampouco ao fomento do autoconsumo e produción en proximidade. Os datos de xeración e consumo eléctrico do primeiro trimestre do ano 2023 publicados pola Rede Eléctrica Española (REE) corroboran na súa totalidade estas teses. O consumo de electricidade na Galiza no primeiro trimestre de 2023 foi de 3.524.306 MW/h, o que representa 55,9% do total da produción renovábel galega, namentres que exportou nese mesmo período 3.993.056 MW/h de electricidade, o 51,9% do total xerado na Galiza. Neste momento atópanse en tramitación outros 17.550 MW de enerxía eólica, cuxa entrada en funcionamento implicaría cuadruplicar a capacidade de produción eléctrica do noso país. Un total de 11.223 MW están destinados a eólica terrestre e 6.327 MW a eólica mariña nas augas galegas, cifras que reflexan a todas luces que proxectos de xeración eléctrica, como este ao que se alega, só serven para aumentar o negocio do oligopolio enerxético español e europeo, e non para poñer a enerxía ao servizo das necesidades da xente do común, e menos para implementar políticas de transición ecolóxica, cando estas producen un impacto no medio ambiente maior do que o favorecen.

Non cabe, xa que logo, considerar que o proxecto de referencia é unha contribución positiva para a loita contra o cambio climático. Opostamente, supón unha perda significativa de superficie natural e unha grave deterioración dos valores ambientais e servizos ecosistémicos, de tal maneira que os posibles beneficios da implantación da enerxía eólica quedan invalidados polas afeccións globais aos sistemas naturais, causadas pola inxente demanda de materiais para a súa construción, ocupación do terreo, aumento de viais e accesibilidade a zonas sensibles, mortalidade e perda de hábitat para as especies e aparición de efectos ecolóxicos negativos en cascada. A todo o cal debe engadirse o incremento de risco que se derivará en materia de incendios forestais, dadas as dificultades que para a súa extinción se xerarán pola dimensión física dos aeroxeradores a empregar.

TERCEIRA.- O proxecto de parque eólico presentado a información pública é unha iniciativa empresarial que serve aos obxectivos do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC), instrumento que prevé, entre outros, o aumento da porcentaxe de enerxías renovables sobre o consumo total de enerxía final (con prazos de avaliación en 2030 e 2050). Con todo, cómpre salientar que máis aló da súa pomposa denominación, o PNIEC non establece mecanismos de planificación territorial, o cal compromete seriamente a súa validez técnica e legal. Nun mundo civilizado, esa falta de planificación tería que invalidar a mera formulación de tramitar calquera proxecto de xeración de enerxía eléctrica industrial previa á existencia dun Plan Estratéxico válido.

CUARTA.- No propio anuncio de sometemento a información pública do proxecto constan datos que poñen de manifesto a complexidade técnica do mesmo e a súa relación técnica con outras infraestruturas de xeración e transporte de enerxía. Neste sentido, cómpre considerar que o proxecto integra o propio Parque Eólico de 86,8 MW., unha subestación Elevadora «SET PE Arno 30/132 kV», unha liña Aéreo-Soterrada a 132 kV «LAT 132 DC SET Arno - SET Colectora Ludrio 132/220/400 kV», unha subestación Colectora «SET Colectora Ludrio 132/220/400 kV», e unha liña Aéreo-soterrada de alta tensión a 400 kV «LAT 400 kV / SET Colectora Ludrio 132/220/400 kV - SE Ludrio 400 kV (REE)» (da que a parte soterrada non forma parte do expediente que centra a nosa atención).

Por outra banda, e mais aló da complexidade técnica e dimensión do proxecto en conxunto, resulta incuestionable que a proliferación de proxectos de xeración e transporte enerxético na área de implantación do parque demanda, ao abeiro da normativa ambiental, un estudo de conxunto do impacto ambiental deses proxectos, ou alomenos demanda que se analicen de xeito acaído os efectos acumulativos e sinérxicos que se derivarán da efectiva execución e posta en funcionamento dos proxectos.

A xurisprudencia tense pronunciado sobre o escaso alcance dos estudos de sinerxías no contexto de procedementos de avaliación fragmentados. Así, a Sentenza do TSJ de Castela-León, Sala de Valladolid, nº 1361/2014, de data 26/06/2014, Fundamento de Dereito sexto, resolución que declarou a existencia de fragmentación artificial:

“Prescindiendo, de una consideración de conjunto de los demás parques, la declaración de impacto ambiental realizada, se ha efectuado de forma fraccionada, ello es totalmente claro en cuanto que en la misma se ha prescindido, como se desprende del informe precedentemente citado, de la línea de evacuación eléctrica que conecta con el sistema de distribución general, línea esta que ha de formar parte del parque o parques analizados, y que siendo común a los dos, sirve precisamente, entre otros elementos a considerar, para dar unidad a ambos. La no integración de dicha línea ha devaluado la declaración de impacto realizada, lo que no puede paliarse con un estudio de sinergias, que solo considera determinados aspectos, como el de ruido y ambiental, que puede constituir, sí, un plus respecto a los proyectos analizados en conexión con otros, pero que no puede servir para paliar un defecto de concepción inicial, cual debió ser un análisis conjunto de todos los elementos que han de integrar el único proyecto. En otro caso, siempre quedaría al criterio de la Administración la escisión de los proyectos a evaluar completando posteriormente un estudio conjunto de ambos a través de dicho estudio de sinergias, que siempre deberá efectuarse en un proyecto unitario determinado por los elementos inescindibles que lo componen. (...) Las mismas consideraciones han de efectuarse respecto a la duplicación en dos de los procedimientos de autorización, siendo copia mimética el uno del otro, lo que es expresivo de que nos encontramos, no ante dos proyectos, sin ante uno solo, ya que la admisión de este criterio permitiría, no duplicar sino triplicar, cuaduplicar... etc. el proyecto inicialmente concebido, fraccionando las evaluaciones de impacto ambiental, que no puede ser duplicada, para cada uno de los proyectos, sino que, por contra, la única garantía de analizar todas los aspectos que se han de incluir en el mismo, es desde una visión conjunta, no fraccionada, sin que pueda suplir esta carencia de origen, recurriendo a un análisis posterior de las sinergias que se producen entre los elementos aisladamente analizados”.

Cómpre salientar que esta Sentenza foi ratificada en casación polo Tribunal Supremo, Sala do contencioso-administrativo, en data 30/03/2017, por medio de Sentenza nº 1390/2017.

A fragmentación artificiosa de proxectos resulta ser o correlato dunha avaliación ambiental completa e apropiada -en particular se, como acontece no presente caso, nin sequera se contempla un estudo completo dos efectos acumulativos e sinérxicos-.

Neste sentido, malia que no Estudo de impacto ambiental inclúese un apartado relativo aos efectos acumulativos e sinérxicos, a análise dos mesmos resulta fragmentaria e incompleta, tanto pola tipoloxía dos efectos que se contemplan, canto pola limitación do

estudo a proxectos en operación ou proxectados nunha envolvente de 10 km. Sinaladamente, cómpre salientar que non se consideran parques eólicos que están proxectados e en tramitación e que se implantarán parcialmente no Concello de A Pastoriza, como é o caso do PE Vilamalafronser.

E a mais abastanza, cómpre que se considere, a efectos de que a futura DIA relativa a este proxecto de PE Arno resulte desfavorable, que de entre os parques eólicos en tramitación nunha contorna de 10 km. que se consideran no estudo de efectos acumulativos e sinérxicos atópanse os PPEE Acevedal e Graxón, que foron obxecto de DIA desfavorable.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Xunta de Galicia formulou declaración de impacto ambiental desfavorable do PE “Acevedal” asinada con data 7 de novembro de 2023 e publicada mediante Anuncio do 8 de novembro de 2023 no DOG n.º 221 de 21 de novembro de 2023.

As razóns pola que o parque eólico “Acevedal” foi declarado ambientalmente inviable débese principalmente aos impactos críticos sobre a aviafuna ameazada presente na zona, e concretamente aos efectos sobre a poboación invernante de millafre real (*Milvus milvus*).

Fragmento da DIA do parque eólico “Acevedal”, pp. 5 e 6:

A Dirección Xeral de Patrimonio Natural, emite un segundo informe o 02.11.2023, no que realiza a seguinte análise da documentación achegada polo promotor:

Igualmente destaca a frecuencia de detección de individuos de *Milvus milvus* e *Circus pygargus*, os cales aparecen moi querenciados ao sector norte do parque eólico Carballal, o cal se sitúa uns 3 km ao leste do parque eólico Acevedal. Sinala que dada a gran capacidade de voo, e o tamaño dos dominios vitais e de campeo das citadas especies, eses 3 km son unha distancia moi pequena. O cal considera que non se pon de manifesto nos planos de usos do espazo das citadas especies presentados polo promotor. Xa que por exemplo as áreas de campeo e forraxeio de *Milvus milvus* poden distar un promedio de 12,5 km da área que empregan de durmidoiro.

...

A Dirección Xeral de Patrimonio Natural emite un derradeiro informe 07.11.2023, en relación a un escrito do promotor do 06.11.2023, no que conclúe que se mantén o recollido no informe do 02.11.2023 valorando o impacto como crítico sobre o millafre real, especie catalogada como en perigo de extinción no Catálogo Galego de Especies Ameazadas e [...] o proxecto é incompatible coa preservación desta especie.

Polo que atinxe ao P. E. “Graxón”, na DIA desfavorable emitida con data 19 de decembro de 2013 e publicada perante Anuncio do 22 de decembro de 2023 -DOG nº 3, de 04 de xaneiro de 2024-, dise o seguinte, pp. 5 e 6:

Neste contexto, destaca a presenza constatada durante os traballos de campo realizados polo promotor, do miñado real (*Milvus milvus*), especie catalogada en perigo de extinción que, segundo o EsIA, presenta un índice de sensibilidade de rapaces (RSI) elevado; o que significa que esta especie ten unha probabilidade elevada de chocar e esa colisión tería consecuencias poboacionais significativas.

...

[...] Nesta zona concéntranse decenas de miñatos reais, polo que o risco de colisión que provocaría é inasumible, tanto pola altísima probabilidade de colisión como polo número de aves en risco.

Para finalizar, conclúe que o proxecto tal e como se contempla na actualidade, afectaría a unha zona con presenza de especies ameazadas recollidas no CGEA, e sitúase nunha contorna onde se considera que [...] é incompatible coa necesaria protección da especie catalogada en perigo de extinción *Milvus milvus*.

QUINTA.- En canto ás distancias dos aeroxeradores aos núcleos de poboación, o Plan sectorial eólico establece o seguinte:

“ESTUDO DE INCIDENCIA TERRITORIAL

3.1. NÚCLEOS DE POBOACIÓN

Dentro das áreas de potencial eólico, correspondentes á revisión do presente Plan, sitúanse máis de 1.906 núcleos de poboación, distribuídos en 967 delimitados, 929 non delimitados e 10 núcleos urbanos, figurando segundo o tipo de plan como:

§ Solo non urbanizable de núcleo rural

§ Solo de núcleo rural

§ Núcleo sen delimitar en plan

§ Solo urbano

Aínda que, como se xustifica no Anexo V, a 200 m. dun aeroxerador non se producen xa molestias de ruído, a distancia ás delimitacións de chan de núcleo rural, urbano ó urbanizable sectorializado, será como mínimo de 500 m.”

A Disposición adicional Quinta da Lei eólica galega 8/2009, pola súa banda, regula as distancias a núcleos de poboación:

“Como medio para asegurar a compatibilidade do desenvolvemento eólico coa ordenación do territorio e o urbanismo, a distancia dos aeroxeradores ás delimitacións de chan de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado será a maior destas dúas: 500 metros ou 5 veces a altura total do aeroxerador (buxe máis pa).

Estes requisitos de distancias serán aplicables ás solicitudes de autorización administrativa previa e de construción de parques eólicos cuxa implantación se proxecte no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non serán aplicables estes requisitos de distancia aos proxectos de modificacións substanciais (repotenciacións) de parques que estean en funcionamento antes da entrada en vigor da Lei 18/2021, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, nas que, para manter a súa potencia total en funcionamento, exista imposibilidade técnica justificada da súa implantación. En todo caso, os aeroxeradores deberán situarse á máxima distancia posible, cun mínimo de 500 metros, ás delimitacións de chan de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado”.

E a Disposición transitoria sétima regula o Réxime transitorio para a aplicación das distancias a núcleos de poboación establecidas na disposición adicional quinta, dispoñendo o seguinte:

“1. Os requisitos de distancia establecidos na disposición adicional quinta aplicaranse ás novas solicitudes de autorización de parques eólicos, de calquera potencia, que se admitan a trámite previa entrada en vigor da Lei 18/2021, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

2. Para os proxectos admitidos a trámite antes da entrada en vigor da Lei 18/2021, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, os requisitos de distancias a núcleos de poboación establecidos na disposición adicional quinta serán aplicables unicamente no caso de modificacións substanciais de proxectos, solicitadas a partir da entrada en vigor da Lei 18/2021, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que, por supor efectos ambientais distintos dos previstos inicialmente, requiran o inicio dunha nova tramitación ambiental, e sempre que estas modificacións non veñan impostas por un informe sectorial que motive esta modificación nin por modificacións derivadas do uso compartido de infraestruturas de conexión comúns que non supoñan cambios nas posicións dos aeroxeradores. No resto dos casos, a distancia mínima a núcleos rurais, urbanos e urbanizables delimitados será de 500 metros”.

Tendo sido presentada a solicitude de AAP e DIA do proxecto que nos ocupa en data 21 de novembro de 2023, ao mesmo resúltalle de aplicación a previsión da Disposición adicional Quinta da Lei 8/2009: “Como medio para asegurar a compatibilidade do desenvolvemento eólico coa ordenación do territorio e o urbanismo, a distancia dos

aeroxeradores ás delimitacións de chan de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado será a maior destas dúas: 500 metros ou 5 veces a altura total do aeroxerador (buxe máis pa)".

Segundo as especificacións técnicas das máquinas, tal e como veñen reflexadas no proxecto, obtéñense as seguintes distancias mínimas que deben gardar con núcleos rurais:

AEROXERADOR	h buxe (m)	d rotor (m)	Distancia mínima
ARN-12	102,5	145	875
ARN-13	102,5	145	875
ARN-10	102,5	145	875
ARN-09	90	145	812,5
ARN-15	90	145	812,5
ARN-14	102,5	145	875
ARN-17	90	145	812,5
ARN-16	90	145	812,5
ARN-11	102,5	145	875
ARN-18	90	145	812,5

Ningún núcleo rural queda dentro da distancia mínima aos aeroxeradores, pero dita distancia non cumpre a respecto dunha vivenda illada en Casanova de Esteve (001100100PH39D0001RO).

SEXTA.- Por outra banda, segundo o *Modelo de Zonificación de Sensibilidade Ambiental – Energía Eólica. Índice de Sensibilidade Ambiental (ISA)*, do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, os aeroxeradores atoparíanse dentro das seguintes zonificacións ISA:

AEROXERADOR	Índice de Sensibilidade Ambiental	Clasificada como	AEROXERADOR	Índice de Sensibilidade Ambiental	Clasificada como
ARN-12	4	Baixa	ARN-14	3	Moderada
ARN-13	4	Baixa	ARN-17	4	Baixa
ARN-10	4	Baixa	ARN-16	4	Baixa
ARN-09	4	Baixa	ARN-11	4	Baixa
ARN-15	4	Baixa	ARN-18	0	Máxima (non recomendada)

O feito de que non se atenda (posición ARN-18) ás zonas de máxima sensibilidade ambiental debe ser posto en relación co propio valor xurídico da zonificación de referencia, que se ben non resulta ser de mandatorio cumprimento, debe ser considerada no contexto de determinar a suficiencia ou insuficiencia da avaliación ambiental que se practique e as medidas compensatorias ou correctoras que eventualmente se impoñan na día. Neste sentido, resulta de interese o Auto do TSXG, Sala Terceira, Sección Terceira, nº 213/2024, de 23 de xullo:

“La zonificación ambiental, como ya tiene dicho en otras ocasiones la Sala en resoluciones previas, por supuesto no tiene por qué impedir la autorización de ejecución de este tipo de obras, para estos proyectos; pero sí sirve a la hora de calificar de desaconsejable tal autorización y por tanto como prueba indiciaria, combinada con otras que se pueden aportar por quien pide la justicia cautelar, capaz de demostrar que existen riesgos para la preservación de los valores medioambientales asociados a la ejecución de las obras, incluso disponiendo estas de DIA y EsIA.

Esa Zonificación, que es pública y se puede consultar, forma parte de la DAE (Declaración Ambiental Estratégica) del Plan Nacional Integrado de Energía y Clima 2021-2030 que en su apartado 2º (titulado “Potenciales impactos negativos y medidas”) recoge las medidas ambientales destinadas a instaurar ese Plan y concibe la zonificación como una herramienta destinada a identificar las áreas del territorio nacional que presentan mayores condicionantes ambientales para la implantación de este tipo de proyecto, asumiendo un modelo territorial que agrupa los principales factores ambientales, y concluyendo en una “zonificación de la sensibilidad ambiental del territorio”

En su memoria esa Zonificación señala que ha tenido en cuenta, como indicadores que desaconsejan en mayor o menor medida, o no desaconsejan según el caso, la implantación de este tipo de proyecto, los relativos a la proximidad con núcleos urbanos, la presencia de masas de agua y zonas inundables, la eventual aprobación en la zona de Planes de conservación y recuperación de especies amenazadas (RD 1432/2008 de 29 de agosto, por el que se establecen medidas para la protección de la avifauna contra la colisión y la electrocución en líneas eléctricas de alta tensión), la existencia de vías pecuarias, montes de utilidad públicas y bienes de Patrimonio Mundial de la UNESCO, la del Camino de Santiago, la de la Rede Natura 2000, Espacios Naturales Protegidos o de Zonas especialmente protegidas de importancia.

Atendiendo a la implicación, para cada zona, de esos indicadores, y en función de su mayor o menor relevancia, se atiende a factores de ponderación (compatibilidad) o exclusión (incompatibilidad) de este tipo de instalaciones para terminar haciendo una clasificación de sensibilidad ambiental que incluso cuando lo es “de nivel máximo” no tiene por qué impedir la autorización de estos proyectos, no en todo caso, ya que sus valores no prejuzgan que se pueda elaborar una DIA correcta y

completa tendente precisamente a incorporar todas aquellas medidas que se destinen a paliar los posibles efectos perniciosos para el medio ambiente asociados a la ejecución de las obras de que se trate”.

SÉTIMA.- O parque eólico que se pretende implantar e fronte ao que alegamos pretende ubicarse dentro da Reserva da Biosfera das Terras do Miño (aerogeneradores ARN-09, ARN-10, ARN-11, ARN-12, ARN-13, ARN-14, ARN-15, ARN-16, ARN-17, ARN-18 e LAT).

A este respecto da afección sobre a Reserva da Biosfera Terras do Miño, no documento “Informe sobre la viabilidad de las instalaciones eólicas, fotovoltaicas y termo solares, incluida la repotenciación e infraestructuras asociadas en los territorios declarados Reservas de Biosfera en España” (Ramil Rego, P.; Santamarina, J. Muñoz Benito, L.; San Martín Segura, D.; Rodríguez Guitián, M.A.; Ferreiro da Costa, Gómez Orellana, L.; López Castro, H.; Oreiro Rey, C. (2022). Madrid: Concejo Científico del Comité Español de Programa M&B.), os autores conclúen o que segue a respecto das Reserva da Biosfera “Terras do Miño”, afectada polas instalacións que nos ocupan:

Páxina 328:

La Reserva de Biosfera de Terras do Miño es, con diferencia, la que concentra un mayor número de instalaciones eólicas de todas las gallegas, ya que alberga un total de 40 parques eólicos (un 93% del total ubicado en las Reservas), un total de 990 aerogeneradores (el 91%) y 33 subestaciones eólicas (el 94%), ascendiendo la potencia instalada a un total de 972,6 MW. Además, es la única Reserva de Biosfera gallega que incluía parques eólicos en sus zonas núcleo y tampón. La potencia total instalada en la Reserva de Biosfera Terras do Miño situaría a este territorio, en comparación con la distribución autonómica de la potencia eólica, en la IX posición de la clasificación nacional, equiparándose a la potencia total instalada en territorios como Catalunya (1.003,3 MW) o Navarra (976,9 MW), evidenciándose por tanto el grado de desarrollo y promoción eólica llevado a cabo en este territorio.

Páxina 408:

Algunos de los proyectos de Parque Eólico muestran elementos (aerogeneradores, viales, líneas eléctricas subterráneas), que se solapan con la delimitación de las Zona Núcleo y/o Zonas Tampón de las Reservas de Biosfera. Las definiciones establecidas en el Marco Estatutario de la Red Mundial de Reservas de Biosfera (UNESCO, 1996), limitan las zonas núcleo a la protección a largo plazo conforme a los objetivos de conservación de la Reserva. Mientras que en las zonas de amortiguación o zonas tampón, solamente pueden tener lugar actividades compatibles con los objetivos de conservación. Definiciones que obligarían a considerar como áreas de exclusión para la instalación de parques eólicos, las distintas zonas núcleo y las zonas tampón.”

OITAVA.- No EiA, e a respecto do potencial impacto do proxecto na Rede Natura 2000, sinálase o que segue:

“Según lo publicado por el Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, con fecha de diciembre de 2022, actualmente existen en España 1.468 ZEC y 662 ZEPA, de las cuales, 2 ZEC se localizan en el entorno de afectación de 10 km de los aerogeneradores proyectados y 1 ZEC más en el entorno de 5 km respecto a la línea de evacuación eléctrica. No obstante, remarcar que ningún espacio de la Red Natura 2000 se verá afectado directamente por el proyecto”.

Concretamente, a ZEC Río Eo está a 1.778 m do aerogenerador ARN-01, a ZEC Carballido está a 5.303 m do aerogenerador ARN-05, e a ZEC A Marronda está a 4.599 m da liña de evacuación.

O modelo de protección da Rede Natura 2000 baséase na constitución en Europa dunha rede ecolóxica coherente, o que implica o recoñecemento dos elementos necesarios para a súa vertebración, máis aló dos espazos LIC e ZEPA. A mellora da coherencia ecolóxica e a conectividade da Rede Natura 2000 mediante a conservación de corredores ecolóxicos e a xestión dos elementos da paisaxe e áreas territoriais esenciais ou de primordial importancia para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético entre poboacións de especies de fauna e flora, está expresamente regulado nos arts. 3.3 e 10 da Directiva 92/43 de Hábitats e no art. 46 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

O art. 3.1 da Directiva 92/43 de Hábitats e o art. 4.3 da Directiva de Aves, establecen, en primeira instancia, unha coherencia “primaria” derivada da obriga de garantir o estado de conservación favorábel de hábitats e especies relacionadas entre sí, através da rede de espazos protexidos Rede Natura 2000. Pero tamén os arts. 3.3 e 10 da Directiva 92/43 de Hábitats falan dunha coherencia ecolóxica “reforzada” referida á protección de determinados elementos da paisaxe e do territorio, que aínda ubicados fóra da Red Natura 2000 son importantes polo seu papel conector entre hábitats e especies.

A proximidade do parque eólico “Arno” a esas tres ZEC da Rede Natura 2000 representa unha ameaza grave aos valores dos ecosistemas presentes na zona con distintos graos de protección ambiental, e que precisamente xustificaron no seu día a súa declaración como espazos da RN 2000. Consta no EiA -Anexo XI- un estudo específico das repercusións do proxecto na RD2000. Porén, as medidas preventivas, correctoras e compensatorias que no mesmo se contemplan deben reputarse xenéricas e faltas de concreción, aspecto este que debe ser singularmente considerado a efectos de determinar a insuficiencia da avaliación ambiental practicada.

NOVENA.- O proxecto pretende implantase nunha área na que debe considerarse debidamente a presenza de especies ameazadas, dado que dita consideración resulta imprescindible para garantir a integridade dos espazos protexidos próximos e a conservación das especies protexidas afectadas, así como a salvagarda do interese público vencellado aos servizos ecosistémicos que estes elementos prestan á sociedade.

Así, e en canto á avifauna, e segundo consta no propio EiA, “destaca el aguilucho cenizo (*Circus pygargus*) en la categoría de “Vulnerable” en el Catálogo Gallego de Especies Amenazadas de Galicia (CGEA) y en el Catálogo de Español de Especies Amenazadas (CEEa). Además, en el Catálogo Gallego de Especies Amenazadas aparecen el aguilucho pálido (*Circus cyaneus*) y el zarapito real (*Numenius arquata*) como especies “Vulnerable” y “En Peligro de Extinción” respectivamente”. Tamén se refire nese estudo que “a pesar de que la subespecie lusitánica del escribano palustre (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher) no se encuentra citada en la bibliografía de las cuadrículas 10x10 analizadas, en Galicia posee aprobado un Plan de Recuperación por el Decreto 75/2013, de 10 de mayo”; e que “aunque no presentan Plan de Recuperación en la actualidad, han sido identificadas zonas de presencia de aguilucho cenizo y aguilucho pálido en el entorno de 10 km de las instalaciones proyectadas, por lo que será necesario aplicar medidas específicas para su protección contra la colisión y la electrocución, según indica la legislación vigente”.

No tocante á presenza de mamíferos, e seguindo co EiA, “destacan, por su categoría de protección legal, el desmán ibérico (*Galemys pyrenaicus*) en la categoría de “Vulnerable” y el oso pardo (*Ursus arctos*) en la categoría de “En peligro de extinción” en el Catálogo gallego de especies amenazadas (CGEA), regulado por el Decreto 88/2007, de 19 de abril, y en el Catálogo Español de Especies Amenazadas (CEEa, Real Decreto 139/2011, de 4 de febrero). Asimismo, el lobo ibérico (*Canis lupus signatus*), el armiño (*Mustela erminea*) y la nutria (*Lutra lutra*), están considerados como “Especie incluida en el Listado de Especies Silvestres en régimen de protección especial” en el CEEa”.

Debe salientarse que no EiA e en relación co lobo vulnérase o disposto no artigo 18.5 do Decreto 297/2008, de 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia, precepto que dispon que “la Dirección General de Conservación de la Naturaleza fomentará que en las evaluaciones de impacto ambiental de proyectos de implantación eólica se incluyan datos sólidos sobre la presencia de lobos en sus áreas de influencia y se realice una evaluación y seguimiento de las afecciones de la instalación eólica sobre la población de lobos; estructura social, zonas de cría, uso del espacio, etc. Además se realizará un estudio de cuestiones como la estructura social de las manadas, productividad, mortalidad, uso del espacio y selección de zonas de cría en zonas con y sin parques eólicos, entre otras, que permitirán evaluar el impacto de los parques eólicos en los lobos”.

DÉCIMA.- o artigo 41.2 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, dispón que “a declaración de impacto ambiental terá a natureza de informe preceptivo e determinante, que concluirá sobre os efectos significativos do proxecto no medio ambiente e, no seu caso, establecerá as condicións nas que pode desenvolverse para a adecuada protección dos factores enumerados no artigo 35.1 c) durante a execución e a explotación e, no seu caso, o cesamento, o desmantelamento ou demolición do proxecto, así como, no seu caso, as medidas preventivas, correctoras e compensatorias”.

Resulta material e lóxicamente imposible que a DIA que se emita en base ao estudo de impacto ambiental fronte ao que aquí se alega cumpra con tales finalidades legalmente previstas, dado que tal estudo, nos termos expostos no presente escrito de alegacións, nin contempla todas as afeccións existentes en canto ao proxecto concreto, nin considera debidamente as afeccións medioambientais derivadas de proxectos conexos.

En base ao anteriormente exposto,

SOLICITO que se teñan por presentadas estas alegacións *á solicitude de autorización administrativa previa e ao estudo de impacto ambiental do parque eólico «Arno»*, e que, en mérito do exposto nas mesmas, se denegue no momento procedimental correspondente pola Administración á que me dirixo a mentada autorización.

En A Pastoriza, a 19 de agosto de 2025.

Asdo: _____